



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE XULLO DE 2014

2.- Devolución de fianzas.

Apróbase a devolución das fianzas de varios contratos.

3.- Axudas de carácter social.

Concédense dúas axudas de carácter social MAPIS (Medidas de Apoio para a Inclusión Social), ambas de manutención, por importes de 500 e 1.800 euros.

4.- Modificación da relación valorada das unidades de obra da certificación final na obra do campo da Feira de Nemenzo.

Dáse conta á dun informe da Intervención Municipal para a revisión da documentación da subvención do AGADER das obras no campo da Feira de Nemenzo.

5.- Proposta da Alcaldía relativa a rexeitamento de solicitude en relación ao exercizo da acción directa do artigo 1.597 do Código Civil.

Á vista do informe da Intervención Municipal, no que se conclúe que o subcontratista non pode proceder a través deste artigo do Código Civil contra o órgano de Contratación (Concello), rexéitase a petición formulada pola empresa MIGUEZ CUTRIN S.L. Con data 9 de xaneiro de 2014, esta sociedade expuso que subministrou un andamio e a súa montaxe para unha obra en San Paio de Antealtares para a empresa Projecta de Actividades Profesionales de la Construcción S.L. que fora contratada polo Concello. Esta última empresa non fixo fronte os gastos do aluguer do andamio, polo que a afectada solicita a acción directa polo artigo 1.597 do Código Civil para que o Concello responda da mencionada débeda.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do "Proxecto de alumeado público. Acceso ao Polígono do Tambre, tramo Rúa do Tambre-Vía Marconi".

Apróbase o proxecto de alumeado público no acceso ao Polígono do Tambre, tramo rúa do Tambre-vía Marconi, mediante o cal se procederá a dotar de alumeado público coa súa correspondente rede de alimentación no acceso a este polígono industrial dende Meixonfrío, co fin de mellorar mediante a aplicación de novas tecnoloxías (lámparas de alta eficiencia e baixo consumo) a eficiencia na instalación de alumeado público. Instalaranse 32 luminarias tipo LED de alto rendemento e eficacia sobre unhas columnas rectas de polyester para obter unha mellor iluminación. O orzamento do proxecto é de 65.279,10 €, IVE incluído, e terá un prazo de execución de tres meses.

7.- Aprobación concesión de subvención a Ateneo de Santiago, Casa da Troia e Asociación de Música Tradicional e Folque.

Apróbanse os seguintes convenios: Ateneo de Santiago (3.400 €), para a realización de tres programas, entre os que destaca "Os luns do Ateneo" que posibilita a realización de charlas especializadas a celebrar os luns no auditorio da Fundación La Caixa; Casa da Troia (3.600 €); e Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque (8.000 €).

8.- Convocatoria de subvención ás asociacións veciñais de Santiago de Compostela sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral para o Concello. Ano 2014.

Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións veciñais de Santiago de Compostela co obxecto de que éstas desenvolvan nas diferentes zonas e barrios da cidade as accións e programas que veñen ofrecendo aos veciños de maneira regular. Para esta convocatoria haberá un orzamento de 64.800 €, a mesma cantidade que en 2013.

9.- Aprobación de convenios de Servizos Sociais.

Apróbanse dous convenios con entidades sociais: un con Cáritas Diocesana de Santiago para o Programa Vagalume, por un importe de 34.000 €; e outro coa Federación Galega de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia, que recibirá unha achega de 3.700 €. Sumadas estas dúas achegas ás aprobadas na anterior Xunta de Goberno, as achegas municipais a asociacións e entidades sociais alcanzan os 279.200 €.

10.- Prórroga do contrato de aluguer do local sito na rúa Santa Cristina, 22 para uso como Centro Sociocultural na zona da Almendra Histórica.

Apróbase a prórroga do aluguer do local sito na rúa Cristina, 22, do Casco Histórico. O contrato renóvase ata o 14 de xullo de 2014 por un importe total de 11.445,84 € IVE incluído, é dicir, 953,82/mes. Non se produce revisión do IPC.

URXENCIAS

1.-Solicitud de subvención á Consellería de Traballo para contratación temporal de perceptores RISGA.

Acórdase solicitar a mencionada subvención a esta Consellería para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA (Renda de Integración Social de Galicia). Isto posibilitará a contratación por nove meses de catro técnicos de programa, dez tramitadores administrativos eseis prazas de apoio administrativo/conserxería.

2.-Proposta da concelleira de Deportes relativa ao Servizo de Vixiancia no Estadio de San Lázaro.

Rexéitase un recurso formulado pola empresa Seguridade A-1 Con data 21 de marzo de 2014, asínase a acta de fin de contrato entre o Concello e a empresa Servicios de Seguridade Integral e Mantementos A-1 S.L. Nesta firma a empresa fai constar un anexo no que reclama como da súa propiedade do cableado que tivo que poñer para poder levar a cabo o servizo. Nembargantes tanto o técnico de Servizos como o de Deportes informaron que nas condicións da contratación deste servizo estaba incluído un estudio económico no que se incluía esta necesidade e que formou parte do importe da licitación polo que si estaba incluído entre os custos a afrontar polo contratista. Así pois, rexéitase esa reclamación, dado que o material en cuestión pertence xa ao Concello.

3.-Pago aos funcionarios da paga de produtividade, que ascende a 103.000 €.

Apróbase o devandito pagamento.

4.-Proposta en relación ao contrato do Servizo de conserxería e limpeza de instalacións deportivas municipais.

Acórdase continuar os trámites de contatación correspondentes e asinar o contato coa empresa adxudicataria do servizo. Cómpre lembrar que o pasado 12 de xuño deuse conta a XGL do auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago nº 2 polo que se desestima e non se accede á medida cautelar solicitada pola empresa SERMASA e se insta ao órgano administrativo autor da resolución impugnada ao inmediato cumprimento do acordo de adxudicación deste servizo á empresa LACERA Servicios y Mantenimiento S.A